

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE EXECUTAR A OBRA DENOMINADA “OBRAS MENORES DE REPARACIÓN NO EDIFICIO DE SERVIZOS SOCIO-COMUNITARIOS DE O RAMAL”

O edificio de servizos socio-comunitarios de O Ramal é un dos poucos exemplos da arquitectura de ladrillo visto que temos en Vilagarcía e mesmo é bastante infrecuente no resto de Galicia.

En función das súas características especiais está incluído no Catálogo de elementos protexidos do vixente Plan Xeral.

Trátase do inmovible no que funcionou a antiga Aduana e actualmente é propiedade do Concello de Vilagarcía aínda que, por convenio coa Xunta de Galicia, tamén alberga dependencias de organismos autonómicos de servizos sociais e de maiores.

Debido á antigüidade e sistema construtivo do edificio de servizos socio-comunitarios do de O Ramal, é preciso realizar continuas obras de conservación a fin de manter o uso e o confort dos traballadores e usuarios.

Co obxecto de realizar o mantemento do edificio e impedir o seu deterioro é necesario executar as seguintes obras menores de reparación, as cales non cambiarán a imaxe do edificio e conservarán os seus elementos orixinais:

- Reparación das filtracións procedentes do exterior: Prodúcese filtración polas cornixas dos muros exteriores. Trátase dun problema que se ven producindo dende hai tempo e que se tentou de resolver coa colocación dunha lámina impermeabilizante adherida ó muro pero que na actualidade está desprendida e no cumpre a súa función.

- Reparación das fugas procedentes das instalacións: Hai varios puntos nas dependencias que presentan patoloxías graves por humidades que só poden vir das instalacións de auga xa que tales paramentos non están en contacto directo co exterior. Isto ven motivado porque as instalacións de fontanería, calefacción e mesmo as baixantes de pluviais discorren empotradas nos paramentos.

- Reparación dos acabados interiores: Pintaranse os locais afectados polas reparacións así como aqueloutros que presentan manchas por humidades antigas ou por condensacións. Tamén se substituirán os falsos teitos afectados por roturas, degradación ou danos estéticos.

- Reparación da carpintería e varandas: Os elementos de carpintería e varandas de fundición da planta ático presentan un mal aspecto estético e funcional. Restaurarase a carpintería orixinal de madeira para mellorar a súa funcionalidade e aspecto estético, así como as varandas de ferro.

Vilagarcía de Arousa, novembro de 2018.



Asdo.: Paola María Mochales
Concelleira de urbanismo e infraestruturas municipais